

Paso 1: pensa nun produto ilusionante

<i>Dúas recomendacións</i>	<i>Exemplo dun produto sinxelo</i>	<i>Exemplo dun produto complexo</i>	<i>A miña proposta</i>
1. O produto final debe ser un texto, oral ou escrito, que teña unha vinculación clara con tres elementos: -co contorno. -co currículo. -cos intereses e compromiso do alumnado. 2. Despois de levar a cabo os primeiros proxectos, convén que o alumnado participe na elección do produto final que imos crear.	Produto: A creación dun boletín con recensións de libros, películas, obras de teatro e concertos.	Produto: A creación dun programa de televisión	Produto:
	Vinculación co currículo: O contido B3.8 do currículo de lingua castelá e literatura de 2º de ESO fala da participación en proxectos de elaboración de recensións.	Vinculación co currículo: O estándar de aprendizaxe LGB 1.1.1. do currículo de lingua galega e literatura de 2º de ESO di que o alumnado debe comprender os textos propios dos medios de comunicación audiovisual. O estándar LGB1.1.2. di que o alumnado debe trasladar a información relevante dos discursos orais dos medios audiovisuais a esquemas ou resumos.	Vinculación co currículo:
	Vinculación cos intereses do alumnado: Poderán expresar a súa valoración dos libros e películas que lles gusten. Darémolle importancia á súa personalidade como espectadores e lectores.	Vinculación cos intereses do alumnado: Poderemos demostrar que comprendemos os textos audiovisuais facendo o noso propio programa. É un reto ao que é difícil dicirle que non.	Vinculación cos intereses do alumnado:
	Vinculación co contorno: Poderemos divulgar o boletín polo centro. Poderemos facer recensións das películas en carteleira. E tamén das obras de teatro ou concertos da localidade.	Vinculación co contorno: Empregaremos as noticias, reportaxes e entrevistas relacionadas coa localidade. Abordaremos temas de interese para a veciñanza.	Vinculación co contorno: